

INFORMACIÓN SOBRE COBERTURAS SANITARIAS CAMPAMENTO DEPUTACIÓN DE CORUÑA 2023

As persoas participantes no campamento da Deputación de Coruña 2023, están cobertas por unha póliza de seguro de accidentes que cubrirá os gastos de lesións e/ou accidentes, así como unha póliza de asistencia médico-cuirúrxica e sanitaria ilimitada en centros concertados (incluídos traslados de feridos e enfermos).

A cobertura dos seguros exténdese desde a data de inicio ata a data de finalización da quenda da persoa participante.

Asimesmo, a Deputación da Coruña, pon a disposición das persoas participantes durante toda a duración do campamento 1 ATS/DUE durante as 24 horas do día.

PROTOCOLO A SEGUIR

ENFERMIDADE

1º.- Avaliación sanitaria polo D.U.E. sobre a indisposición.

2º.- O director do campamento dará coñecemento inmediato aos pais, nais ou titores que tomarán a decisión que proceda, e informarase ao persoal responsable do campamento na Deputación da Coruña.

3º.- No caso de que se considerase necesario, trasladarase á persoa participante ao centro de atención médica de referencia: Hospital Modelo de A Coruña, sita en C/ Virrey Osorio 30.

4º.- Se a indisposición o permite, a persoa participante continuará no campamento.

LESIÓN OU ACCIDENTE

1º.- En caso de lesión ou accidente, será aplicado o protocolo P.A.S. (Protexer, Alertar, Socorrer), evaluarase a importancia da lesión, e en caso necesario, trasladarase á persoa participante ao centro de atención médica de referencia: Hospital Modelo de A Coruña, sita en C/ Virrey Osorio 30.

2º.- O director do campamento dará coñecemento inmediato aos pais, nais ou titores que tomarán a decisión que proceda, e informarase ao persoal responsable do campamento na Deputación da Coruña.

3º.- O director do campamento realizará os trámites administrativos necesarios no centro hospitalario para a correcta cobertura na póliza de seguro de accidentes contratado, informará ao centro médico das condicións persoais do afectado (alergias a medicamentos, enfermidades diagnosticadas...), así como todo tipo de datos sobre o accidente, acompañando ao accidentado en todo momento ata a chegada dos titores legais.

Asemade, o director do campamento informará por escrito as persoas titoras do participante sobre as coberturas do seguro e as actuacións a seguir.

4º.- Salvo naqueles casos en que fose necesario o seu ingreso nun centro hospitalario, se a lesión ou accidente impedise á persoa participante continuar coas actividades do campamento, será recollida pola persoa que asinou o boletín de inscrición ou persoa autorizada.